# ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| PLN/2019/9 | O Pleno |

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria<br>Motivo: «Acta de constitución da nova corporación e de elección de Alcalde, a consecuencia das Eleccións Locais celebradas o 26 de maio de 2019» |
| **Data** | 15 de xuño de 2019 |
| **Duración** | Desde as 12:13 ata as 13:05 horas |
| **Lugar** | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| **Presidida por** | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO |
| **Secretario** | SANDRA MARIA GARCIA CHENLO |

## ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| [redacted] | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO | SÍ |
| [redacted] | ALFONSO FIGUEIRAS REY | SÍ |
| [redacted] | AMALIA GOLDAR CORA | SÍ |
| [redacted] | AMALIA LAGO DURAN | SÍ |
| [redacted] | BELÉN LOUZAO VIEITES | SÍ |
| [redacted] | CARMEN GÓMEZ OTERO | SÍ |
| [redacted] | GONZALO LOUZAO DONO | SÍ |
| [redacted] | IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN | SÍ |
| [redacted] | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS | SÍ |
| [redacted] | JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR | SÍ |
| [redacted] | JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA | SÍ |
| [redacted] | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON | SÍ |

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 24/06/2019
HASH: 635ac328dcccd4a6afb6b15c3aef9672

SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 24/06/2019
HASH: 22542b2fbefeb8675e24bb7d776f8c84



Cod. Validación: 5TRYT6MFQ33HSEWAR3YZRDTF6 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

EXCMO CONCELLO DA ESTRADA

| | | |
|---|---|---|
| [redacted] | LUCIA SEOANE ROSENDE | SÍ |
| [redacted] | LUIS LOPEZ BUENO | SÍ |
| [redacted] | LUIS RENDO ARAUJO | SÍ |
| [redacted] | MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS | SÍ |
| [redacted] | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA | SÍ |
| [redacted] | MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA | SÍ |
| [redacted] | Mª DEL CARMEN DURÁN LEA | SÍ |
| [redacted] | PATRICIA CARRACEDO DURAN | SÍ |
| [redacted] | SUSANA CAMBA CASTRO | SÍ |
| [redacted] | ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS | SÍ |

**Secretaria**: "Bos días e benvidos, no salón de Plenos da Casa do Concello da Estrada, cando son as doce horas da data sinalada, con motivo das eleccións celebradas o pasado día 26 de maio de 2019 e en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral e no artigo 37 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vaise proceder á constitución da Corporación Municipal e elección de Alcalde ou Alcaldesa, polo que paso a dar lectura á Acta de proclamación de 30/05/2019 de candidatos electos remitida pola Xunta Electoral de Zona de Pontevedra que indica o seguinte:

- *Número de electores: 17.429*
- *Número de voantes: 12.701*
- *Número de votos a candidaturas/candidatos: 12.467*
- *Número de votos válidos: 12.566*
- *Número de votos nulos: 135*
- *Número de votos en branco: 99*

*Número de votos obtidos por cada candidatura/candidatos:*

- *A candidatura do Partido Popular (PP) obtivo 6.585 votos e, por conseguinte, 12 electos.*
- *A candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) obtivo 3.427 votos e 6 electos.*
- *A candidatura de Movemento Veciñal Estradense (MOVETE) obtivo 1.511 votos, polo tanto 2 electos.*
- *A candidatura de Bloque Nacionalista Galego (BNG) obtivo 826 votos e, por conseguinte, 1 electo.*
- *A candidatura de Compromiso por Galicia (CxG) obtivo 118 votos, non acadando ningún electo.*

*De acordo cos resultados reflexados, proclámase electos aos seguintes candidatos:*



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0010 Data: 24/06/2019

Cod. Validación: 5TRYT6MFQ33HSEWAR3YZRDTF6 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

*(1) José Carlos López Campos (PP)*
*(2) Alberto Manuel Blanco Carracedo (PP)*
*(3) Amalia Goldar Cora (PP)*
*(4) María Ángeles Pais Carbia (PP)*
*(5) Juan Manuel Constenla Carbón (PP)*
*(6) Miguel Óscar Rancaño Brañanova (PP)*
*(7) María del Carmen Durán Lea (PP)*
*(8) José Ismael Pena Villamor (PP)*
*(9) Lucía Seoane Rosende (PP)*
*(10) Gonzalo Louzao Dono (PP)*
*(11) Alfonso Figueiras Rey (PP)*
*(12) Óscar Alejandro Durán Barros (PP)*
*(13) Luís López Bueno (PSdeG-PSOE)*
*(14) Belén Louzao Vieites (PSdeG-PSOE)*
*(15) Luis Rendo Araujo (PSdeG-PSOE)*
*(16) Amalia Lago Durán (PSdeG-PSOE)*
*(17) Juan Carlos González Barcia (PSdeG-PSOE)*
*(18) Patricia Carracedo Durán (PSdeG-PSOE)*
*(19) María del Mar Blanco Casais (MOVETE)*
*(20) Iván Manuel Sanmartín Eirín (MOVETE)*
*(21) Xosé Magariños Maceiras (BNG)*

Así mesmo, procede a dar lectura ao acordo da Xunta Electoral de Zona de 10/06/2019, polo que se acepta a renuncia do electo polo BNG, D. Xosé Magariños Maceiras, expedíndose nova credencial a favor de Dna. Susana Camba Castro e que figura como número dous nas listas presentadas polo dito partido Político neste concello.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

**A Sra. Secretaria**, en cumprimento da normativa indicada anteriormente, sinala que, co gallo de iniciar a constitución da Corporación municipal, vaise proceder a formar a Mesa de Idade integrada por:

- Sr. Concelleiro electo de maior idade: D. Alberto Blanco Carracedo, en canto Presidente da mesma.
- Sr. Concelleiro elector de menor idade: D. Gonzalo Louzao Dono, en canto vogal.

Os Membros da Mesa de Idade toman asento na Mesa do Salón de Plenos.

A Sra. Secretaria declara constituída a devandita Mesa por estar presentes na sesión as persoas a quen corresponde formala.

### COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E PERSONALIDADE DE ELECTOS/AS E XURAMENTO OU PROMESA DOS/DAS CONCELLEIROS/AS



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0010 Data: 24/06/2019
Cod. Validación: 5TRYT6MFQ33HSEWAR3YZRDTF6 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

Intervén a **Sra. Secretaria** para dicir que, de acordo coa normativa vixente, todos/as os/as Concelleiros e Concelleiras electos/as presentaron na Secretaría municipal as credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona así como as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que lles proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, e tamén as declaracións de bens patrimoniais e de participación en sociedades.

Igualmente, todos/as os/as Concelleiros/as electos/as están debidamente informados/as sobre o réxime de incompatibilidades que, para a condición de concelleiro e concelleira, está establecido no artigo 178 en relación cos artigos 6, 7 e 177 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e artigo 10 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Comprobadas as credenciais presentadas, con base á certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona, estas son correctas.

O **Sr. Presidente** di que, de conformidade coa normativa vixente, invítase aos/ás Concelleiros/as electos/as a que expoñan neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación.

Non se produce manifestación algunha dos/das Concelleiros/as electos/as.

Continúa a **Sra. Secretaria** indicando que, visto que está presente a maioría absoluta dos Concelleiros e Concelleiras electos e electas, conforme ao disposto no artigo 108.8 da Lei 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, os/as Sres/Sras. Concelleiros/as deben de proceder a prestar xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979, facéndoo en primeiro lugar os membros da Mesa de Idade, o Sr. Presidente desta sesión D. ALBERTO BLANCO CARRACEDO e o vogal D. GONZALO LOUZAO DONO, os cales prestan xuramento de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a constitución como normal fundamental do Estado.

A continuación o **Sr. Presidente** chama nominalmente aos/ás concelleiros/as para que vaian xurando ou prometendo, segundo costume, pola orde da candidatura máis votada á menos votada e por orde da lista electoral, a cal é a seguinte:

- José Carlos López Campos
- Alberto Manuel Blanco Carracedo
- Amalia Goldar Cora
- María Ángeles Pais Carbia
- Juan Manuel Constenla Carbón
- Miguel Óscar Rancaño Brañanova
- María del Carmen Durán Lea
- José Ismael Pena Villamor
- Lucía Seoane Rosende
- Gonzalo Louzao Dono
- Alfonso Figueiras Rey
- Óscar Alejandro Durán Barros
- Luís López Bueno
- Belén Louzao Vieites



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0010 Data: 24/06/2019

Cod. Validación: 5TRYT6MFQ33HSEWAR3YZRDTF6 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

- Luis Rendo Araujo
- Amalia Lago Durán
- Juan Carlos González Barcia
- Patricia Carracedo Durán
- María del Mar Blanco Casais
- Iván Manuel Sanmartín Eirín
- Susana Camba Castro

Todos eles presentan xuramento ou promesa de acordo coa fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, agás a Sra. Blanco Casais e o Sr. Sanmartín Eirín, que prestan promesa por imperativo legal; así mesmo, a Sra. Camba Castro non promete de acordo á formula legalmente establecida, polo que se lle require para que proceda a efectualo, prometendo finalmente acatar a Constitución por imperativo legal.

Prestada promesa ou xuramento ocupan os respectivos asentos na Mesa do Salón de Plenos identificados polos seus respectivos nomes.

**DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN**

Por parte do **Sr. Presidente** indícase que, cumpridos os trámites preceptivos e en canto Presidente da Mesa de Idade e no exercicio das facultades que lle outorga a lexislación vixente, PROCLAMA formalmente constituída a Corporación municipal do Excmo. Concello de A Estrada.

**ELECCIÓN DE ALCALDE OU ALCALDESA.**

Continúa o **Sr. Presidente** explicando que se vai a proceder á elección de Alcalde ou Alcaldesa, lembrado que, de conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, poden sen candidatos/as os cabezas de lista de cada candidatura, sendo necesario que estes confirmen se manteñen a súa candidatura ou renuncian a ela; todos se confirman non existindo renuncia, polo que se manteñen os candidatos de cabeza de lista, os cales son:

- D. José Carlos López Campos, polo grupo político do Partido Popular
- D. Luis López Bueno, polo partido do PSdeG-PSOE.
- Dna. María del Mar Blanco Casais, polo grupo político de Móvete.
- Dna. Susana Camba Castro, polo partido do Bloque Nacionalista Galego

O **Sr. Presidente** indica que, por unanimidade, acordouse utilizar a elección secreta medinte depósito de voo en urna..

Procédese ao chamamento de cada un dos/das concelleiros/as por orde de candidatura máis votada á menos votada e por orde de lista electoral, os cales proceden a depositar os seus respectivos votos.

Feito o reconto dos votos emitidos, obtense o resultado seguinte:



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0010 Data: 24/06/2019
Cod. Validación: 5TRYT6MFQ33HSEWAR3YZRDTF6 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

- D. José Carlos López Campos: 12 votos
- D. Luis López Bueno: 6 votos
- Dna. María del Mar Blanco Casais: 2 votos
- Dna. Susana Camba Castro: 1 voto.

Intervén o **Sr. Presidente** desta sesión para dicir que, en consecuencia, ao obter a maioría absoluta establecida no artigo 196.b da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, PROCLÁMASE Alcalde electo do Excmo. Concello de A Estrada a D. José Carlos López Campos.

**XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO/DA ALCALDE/SA**

A continuación, por parte do **Sr. Alcalde electo**, acéptase o cargo e préstase xuramento de cumprir fielmente as obrigas do mesmo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, recibindo do membro da Mesa de maior idade (Presidente desta sesión), o bastón de mando.

A continuación a Mesa de Idade cesa nas súas funcións e o Presidente abandona a mesa, ocupando o seu lugar o Sr. Alcalde.

**ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN**

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dar cumprimento ao sinalado no artigo 36 do Real Decreto 2568/1986, polo que procede a dar conta da acta de arqueo extraordinario realizado, dos xustificantes das existencias en metálico da Corporación depositados en Entidades Bancarias e do Inventario de Bens.

Procede a dar lectura dos saldos da acta de arqueo extraordinario a 14 de xuño de 2019 cos seguinte datos:

- Saldo en contabilidade: 5.371.774,03 €
- Saldo en Bancos: 5.373.278,03 €
- Diferencia en conciliación: 1.504,00 €

Así mesmo o **Sr. Alcalde** da conta do informe de Secretaría que conclúe que o inventario atópase a disposición dos/as Concelleiros/as no departamento municipal de Secretaría, se ben coa avertencia de que non está actualizado e que procede efectuar as actuacións correspondentes para modificar dita situación.

Despois dun discurso final do Sr. Alcalde, procédese a levantar a sesión sendo as trece horas cinco minutos do día do seu comezo.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0010 Data: 24/06/2019

Cod. Validación: 5TRYT6MFQ33HSEWAR3YZRDTF6 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6